



CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA “REVERIANO SOUTULLO” PONTEAREAS



**PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO
DE CORDA FROTADA**

INTRODUCCIÓN..... 5**GRAO ELEMENTAL:****Introducción ó Grao Elemental..... 6****1º curso:**

Obxectivos.....	7
Contidos.....	7
Criterios de avaliación.....	8
Repertorio orientativo.....	8
Contidos mínimos esixibles.....	9
Temporalización.....	9

2º curso:

Obxectivos.....	10
Contidos.....	10
Criterios de avaliación.....	11
Repertorio orientativo.....	12
Contidos mínimos esixibles.....	12
Temporalización.....	12

3º curso:

Obxectivos.....	13
Contidos.....	13
Criterios de avaliación.....	14
Repertorio orientativo.....	14
Contidos mínimos esixibles.....	15
Temporalización.....	15

4º curso:

Obxectivos.....	16
Contidos.....	16
Criterios de avaliación.....	17
Repertorio orientativo.....	17
Contidos mínimos esixibles.....	18
Temporalización.....	18

Criterios de cualificación no Grao Elemental..... 19**Probas extraordinarias de setembro..... 19**

GRAO PROFESIONAL:**Introducción ó Grao Profesional..... 20****1º curso:**

Obxectivos..... 21
Contidos..... 21
Criterios de avaliación..... 22
Repertorio orientativo..... 22
Contidos mínimos esixibles..... 23
Temporalización..... 23

2º curso:

Obxectivos..... 25
Contidos..... 25
Criterios de avaliación..... 26
Repertorio orientativo..... 26
Contidos mínimos esixibles..... 27
Temporalización..... 27

3º curso:

Obxectivos..... 28
Contidos..... 28
Criterios de avaliación..... 29
Repertorio orientativo..... 29
Contidos mínimos esixibles..... 30
Temporalización..... 30

4º curso:

Obxectivos..... 31
Contidos..... 31
Criterios de avaliación..... 32
Repertorio orientativo..... 32
Contidos mínimos esixibles..... 33
Temporalización..... 33

5º curso:

Obxectivos..... 35

Contidos.....	35
Criterios de avaliación.....	36
Repertorio orientativo.....	37
Contidos mínimos esixibles.....	38
Temporalización.....	38

6º curso:

Obxectivos.....	39
Contidos.....	39
Criterios de avaliación.....	40
Repertorio orientativo.....	41
Contidos mínimos esixibles.....	42
Temporalización.....	42

Criterios de cualificación no Grao Profesional.....	44
Probas extraordinarias de setembro.....	45

Metodoloxía.....	46
Plan de traballo para a superación de materias pendentes.....	46

Criterios e instrumentos de avaliación.....	47
Procedementos de avaliación.....	47

Atención ás necesidades educativas específicas.....	48
Medidas de atención ás diversidades.....	51
Actividades complementarias e extraescolares.....	52

Probas de acceso ó Grao Elemental.....	53
Probas de acceso ó Grao Profesional.....	56

Sistema alternativo de avaliación.....	62
---	-----------

INTRODUCCIÓN

A presente programación pretende establecer unha proposta de desenvolvemento curricular para a asignatura de violín que conforman tanto os catro cursos do grao elemental como os seis do grao profesional das novas ensinanzas de réxime especial de música. Debe ser entendida como unha guía, unha orientación e un modelo a seguir que respecte a actual normativa vixente, que pretende avanzar cara a unha estrutura máis aberta e flexible, perseguindo un ensino integrador e proporcionando ó alumnado as ferramentas que lle permitan desenvolver ó máximo o seu potencial como futuros intérpretes. Ó mesmo tempo debe prestar especial atención á diversidade do alumnado e permitir ó profesorado aplicar a súa metodoloxía respectando tanto a liberdade de cátedra de cada profesor como o dereito dos alumnos a acadar o máximo nivel artístico posible baseado no esforzo persoal e no desenvolvemento da súa capacidade de expresión.

INTRODUCCIÓN Ó GRAO ELEMENTAL

Os catro cursos que compoñen o grao elemental configuran unha etapa de suma importancia para o desenvolvemento do futuro instrumentista, xa que ó longo deste período quedarán sentadas as bases dunha técnica correcta e eficaz. Ó mesmo tempo os alumnos deberán entender correctamente o texto musical e as súas estruturas máis básicas e deberán valorar a importancia da memoria no desenvolvemento das súas capacidades intelectuais. Así mesmo aprenderán pouco a pouco a expresarse con sensibilidade artística.

A avaliación dos niveis de cumprimento dos obxectivos deberá ser flexible, non mecánica e deberase ter en conta a situación do alumno e as súas propias características e posibilidades, prestando especial atención ó aspecto formativo da mesma, que permita ós profesores a posibilidade de aplicar mecanismos correctores das insuficiencias que poidan xurdir.

1º CURSO DE GRAO ELEMENTAL**Obxectivos:**

- Asimilar os principios elementais da colocación do violín e toma do arco.
- Conseguir unha posición cómoda e correcta do instrumento e un equilibrio corporal nos movementos mais básicos.
- Saber distinguir as divisións básicas do arco e distribuí-lo de forma correcta. Coñecer o detaché, o martelé e staccato.
- Colocar correctamente a man esquerda e articular ben os dedos na 1ª posición, sendo capaces de mover á man ó longo do diapasón con liberdade como exercicio preparatorio ós futuros cambios de posición.
- Coñecer as escalas de Sol M, La M, Re M, nunha oitava e Sol M en dúas oitavas e os seus arpexios, e toca-las perfectamente afinadas.
- Tocar pezas sinxelas (primeiro en pizzicato, e despois con arco) obtendo un son homoxéneo e controlado.
- Coñecer as unidades elementais do violín e o arco e a súa morfoloxía.
- Coñecer os principios básicos do estudio e apicalos á práctica diaria.

Contidos:

- Posición do violín. Fundamentos do equilibrio.
- Toma do arco. Fundamentos da conducción do arco e do son en tres movementos básicos: detaché, martelé e staccato.
- Divisións elementais do arco: unidades, tercios, arco enteiro. Notas ligadas. Colocación da man esquerda.
- Escalas e arpexos nunha oitava ou dúas: Sol M, Re M, La M, nunha oitava e Sol M en dúas oitavas.
- Interpretación de pequenas pezas nas tonalidades citadas, con movementos básicos de arco libres de tensións, e con afinación, ritmo e calidade de son correctos.
- O violín: as súas partes e o seu coidado.
- Como estudar: principios básicos de aproveitamento do estudio. Coñecemento xeral do instrumento e do arco: as súas partes, características acústicas e mantemento.

Criterios de avaliación:

- Coñecer de forma xeral o instrumento e o arco, as súas partes e o seu mantemento.
- Ter unha postura correcta do violín e do arco, mantendo unha posición equilibrada do corpo fronte ó instrumento, libre de tensións, que favoreza os movementos de coordinación entre ambos brazos e lle permita tocar con comodidade, seguridade e relaxación.
- Asimilar conceptos técnicos, tanto do brazo dereito (suxeción, conducción e golpes de arco), como da man esquerda (articulación).
- Distribuír axeitadamente o arco en metades (metade superior e inferior), centro e todo o arco, realizando diferentes ritmos en cordas ó aire e escalas dunha oitava.
- Combinar adecuadamente as arcadas detaché e legato.
- Tocar cos golpes de arco detaché, martele, legato e staccato con unha peza sinxela do programa do curso ou cunha escala.
- Tocar as pezas do curso (ver listado de pezas recomendadas para o curso), con boa afinación, distribución do arco, homoxeneidade do son, e fraseo correctos.
- Interpretar fragmentos ou pezas curtas en público empregando os conceptos técnicos adquiridos, potenciando a interpretación de memoria.
- Mostrar nas clases capacidade de aprendizaxe progresiva e bos hábitos de estudo.

Repertorio orientativo para 1º curso de grao elemental:*Técnica:*

- A. Toledo: Sistema de escalas, arpegios y dobles cuerdas 1.
- Hrimaly: Estudios – escalas.
- Doflein: The begining, volume 1 (*editorial Schott*).
- Rolland: Young strings in action, volumen 1.

Estudios:

- Curci: 50 estudios melódicos, Op. 22.

Obras e pezas:

- Suzuki: Suzuki violin school, volume 1 e 2 (violin part).
- Kückler: Concertino en Sol M, Op. 11.

Contidos mínimos esixibles:

- Catro escalas cos seus arpexios.
- Nove pezas, das cales tres deben ser interpretadas de memoria.
- Oito estudos técnicos curtos.
- Unha audición pública como mínimo.

Temporalización:

- 1º trimestre: Colocación do violín e toma do arco. Introducción á colocación da man esquerda e preparación para escalas e arpexos nunha oitava en pizzicato. Primeiros exercicios e estudos fáciles con cordas ó aire. O violín e as súas partes, o seu coidado. Como estudar: principios básicos do aproveitamento do estudio.
- 2º trimestre: Divisións elementais do arco: unidades, tercios, arco enteiro. Escalas e arpexos nunha ou dúas oitavas. Interpretación de pequenas pezas nas tonalidades citadas, preferiblemente de memoria.
- 3º Trimestre: Interpretación de pequenas pezas nas tonalidades citadas, con movementos básicos de arco libres de tensións, e con afinación, ritmo e calidade de son correctos. Fundamentos da conducción do arco e do son en tres movementos básicos: detaché, martelé e staccato. Escalas e arpexos cos golpes de arco básicos. Preparación de exercicios para estudar no verán con unha planificación clara para que o alumno adquira bos hábitos de estudio.

2º CURSO DE GRAO ELEMENTAL**Obxectivos:**

- Asimilar os principios elementáis da colocación do violín e toma do arco.
- Conseguir unha posición cómoda e correcta do instrumento máis afianzada e con maior naturalidade e un equilibrio corporal nos movementos máis básicos.
- Conseguir a realización de cambios de corda máis rápidos e fluídos.
- Ampliar o rexistro a dous oitavas nas escalas básicas e comezar o estudio das escalas menores sinxelas, perfeccionando a sonoridade e a afinación.
- Tocar pezas de maior dificultade buscando unha sonoridade máis equilibrada.
- Saber distinguir as divisións básicas do arco e distribuí-lo de forma correcta. Coñecer o detaché, legato, martelé e staccato.
- Colocar correctamente a man esquerda e articular ben os dedos na 1ª posición, sendo capaces de mover á man ó longo do diapasón con liberdade como exercicio preparatorio ós futuros cambios de posición.
- Coñecer as unidades elementais do violín e o arco e a súa morfoloxía.
- Coñecer os principios básicos do estudio e aplica-los á práctica diaria.
- Iniciarse na comprensión das estruturas musicais máis sinxelas.
- Tocar en audicións públicas pezas de memoria, con bo control, afinación, son e ritmo.
- Iniciar a aprendizaxe dos recursos para a improvisación e a lectura a primeira vista.

Contidos :

- Posición correcta do corpo co instrumento e boa suxeición do arco.
- Formación do son: homoxeneidade, sonoridade e afinación; o peso e a velocidade do arco. O ritmo e a sincronización das dúas mans.
- Continuación do traballo con golpes fundamentais do arco na corda: detaché, martelé, legato e staccato. Os cambios de corda e o legato, combinacións sinxelas.
- Desenvolvemento do movemento perpendicular, horizontal e lateral dos dedos da man esquerda.

- Escalas en una ou dúas oitavas cos seus arpexios. Exercicios de dobres cordas sinxelos, con cordas ó aire ou con só un dedo pisado.
- Control permanente da afinación. escoita interna.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria con diferentes exercicios, estudos e obras do repertorio.
- Como estudar: a organización do traballo na casa.
- Lectura a primeira vista.

Criterios de avaliación:

- Coñecer de forma xeral o instrumento e o arco, as súas partes e o seu mantemento.
- Manter unha posición equilibrada do violín, da man esquerda e do arco, tocando unha escala e os seus arpexios no ámbito de dúas oitavas e unha peza de memoria, con boa afinación e son.
- Distribuir axeitadamente o arco en metades, tercios e arco enteiro, combinado co ligado de dúas, tres ou máis notas e empregar con solvencia o detaché en distintas partes do arco.
- Tocar correctamente un staccato lento pero enérxico, ata catro notas, distribuíndo ben o arco en cordas ó aire e en escalas.
- Tocar diferentes ritmos, distribuíndo correctamente o arco en cordas ó aire.
- Tocar as escalas de Sol M, La M, La m e Sib M, en dúas oitavas; Do M, Re m e Sol m, nunha oitava. Toda-las escalas se tocarán cos seus correspondentes arpexios, con distintos golpes de arco e ritmos.
- Interpretar fragmentos ou pezas curtas en público empregando os conceptos técnicos adquiridos, potenciando a interpretación de memoria e facendo uso de matices e dinámicas elementais, así como elementos básicos do fraseo.
- Tocar as pezas do programa (ver listado de pezas recomendadas) cunha posición correcta, distribución do arco, bo son e afinación precisa.
- Mostrar nas clases unha capacidade de aprendizaxe progresiva e bos hábitos de estudio.

Repertorio orientativo para 2º de grao elemental:*Técnica:*

- A. Toledo: Sistema de escalas, arpegios y dobles cuerdas 1.
- Hrimaly: Estudios – escalas.
- E. Doflein: The begining, volume 1 (*editorial Schott*).

Estudios:

- Curci: 50 estudios melódicos, Op. 22.
- H. Sitt: Estudios na 1ª posición, Op. 32, nº 1.
- Wohlfahrt: 60 estudios, Op. 45 (do 1 ó 20).

Obras:

- B. Bartok: Dúos, volume 1 (do 1 ó 14).
- Suzuki: Suzuki violin school, volume 2 e 3 (violin part).
- Rieding: Concerto Op.35.

Contidos mínimos esixibles:

- Catro escalas cos seus arpegios.
- Nove obras ou pezas das cales tres deben ser interpretadas de memoria.
- Unha audición pública como mínimo.

Temporalización:

- 1º trimestre: Cómo estudiar: a organización do traballo na casa. Os cambios de corda e o legato, combinacións sinxelas. Escalas de Do M, Sol m e Rem, nunha oitava cos seus arpegios. Ritmo e sincronización das dúas mans. A lo menos tres obras ou pezas.
- 2º trimestre: Formación do son: homoxeneidade, sonoridade e afinación; o peso e a velocidade do arco. Como estudar. Organización do traballo na casa. Escalas de Sol M, La M, Si b M e La m, en dúas oitavas. A lo menos tres obras ou pezas.
- 3º trimestre: Interpretación de pequenas pezas nas tonalidades citadas, con movementos básicos de arco libres de tensións, e con afinación, ritmo e calidade de son correctos. A lo menos tres obras ou pezas.

3º CURSO DE GRAO ELEMENTAL**Obxectivos:**

- Adoptar unha posición adecuada do instrumento que permita ó alumno manexar o arco con total naturalidade e que evite problemas de tensión na man esquerda.
- Perfeccionamiento dos golpes de arco xa coñecidos e inicio da aproximación do arco cara o talón. Introducción o estudio do spiccato por medio de estudos preparatorios en cordas ó aire. Emprego de arcos abaixo lentos e arriba rápidos.
- Iniciar a aprendizaxe dos cambios de posición, primeiro facendo uso das cordas ó aire e dos harmónicos naturais, e interpretando noutras posicións melodías xa coñecidas polo alumno, procurando a súa correcta asimilación.
- Aprender a realizar cambios desde 1ª a 2ª e 3ª posición, con flexibilidade e seguridade.
- Iniciarse nos movementos introductorios á realización do vibrato.
- Tocar escalas en dúas oitavas en 1ª posición e con cambios a 2ª e 3ª.
- Aplicar uns bos hábitos de estudio na práctica diaria.
- Tocar as obras e estudos do curso con boa calidade de son e afinación. Conseguir un maior desenvolvemento da memoria.
- Comprender as formas básicas das pezas que interpreta ó alumno.
- Ler fragmentos sinxelos a primeira vista acordes ó nivel do curso.

Contidos:

- Desenvolvemento da técnica básica do arco. Perfeccionamiento dos golpes de arco: detaché, legato, martelé, staccato lento e portato, coas súas combinacións. Introducción ó estudio do spiccato.
- Obras e estudos axeitados ó nivel con uso expresivo dos matices.
- Aumento progresivo da velocidade da man esquerda.
- Cambios de posición e iniciación ó vibrato.
- Escalas e arpexios nas tres primeiras posicións.

Criterios de avaliación:

- Tocar unha escala das establecidas para o curso con diferentes ritmos e golpes de arco, tanto en posicións fixas como con cambios de posición cunha correcta distribución e toma do arco, así como con correcta articulación dos dedos da man esquerda, sonoridade e afinación.
- Tocar un estudio do programa con diferentes golpes de arco e ligaduras.
- Facer un cambio de posición á 2ª e á 3ª posición na súa modalidade mais básica (1-1, 2-2, 3-3, 4-4) mediante cordas ó aire, e de dedo 2 a dedo 1, en tódalas cordas. Interpretación de melodías en 3ª e 2ª posición fixa.
- Tocar as pezas do programa e os estudos con boa afinación e son, realizando os matices correctamente (ver listado de pezas recomendadas).
- Comprender a estrutura formal das pezas interpretadas polo alumno.

Repertorio orientativo para 3º de grao elemental:*Técnica:*

- A. Toledo: Sistema de escalas, arpegios y dobles cuerdas 1.
- Hrimaly: Estudios – escalas.
- E. Doflein: The beginning, volume 2 (*editorial Schott*).

Estudios:

- Curci: 50 estudios melódicos, Op. 22.
- H. Sitt: Estudios en 1ª posición, Op 32, nº 1.
- Wohlfahrt: 60 estudios, Op. 45 (*editorial Peters*).
- Kayser: 36 estudios, Op. 20 (6, 7, 8, 9 e 12).

Obras:

- Suzuki: Suzuki violin school 3, (violin part).
- Seitz: Concerto nº 5 en Re M, Op. 22.
- B. Bartok: Dúos, volume 1 (do 15 ó 25).
- Küchler: Concertino, Op. 12.
- Küchler: Concertino en Re M, Op. 15 (*en estilo de vivaldi*).
- H. Millies: Concertino en Re M (*en estilo de Mozart*).
- A. Vivaldi: Concerto en Sol M.
- Reading: Concerto en Re, Op.36.

Contidos mínimos esixibles:

- Catro escalas e arpexios (dúas maiores e dúas menores), das cales algunha deberá ter cambios de posicións, e outra deberá ser coa posición fixa (2ª ou 3ª).
- Seis estudos dos cales dous deben ser interpretados de memoria.
- Seis pezas das cales dúas deben ser interpretadas de memoria.
- Un movemento dun concertino ou concerto.
- Unha audición pública como mínimo.

Temporalización:

- 1º trimestre: Desenvolvemento da técnica básica do arco. Perfeccionamiento dos golpes de arco: detaché, legato, martelé, staccato lento e portato. Aumento progresivo da velocidade da man esquerda. Os cambios de posición e iniciación ó vibrato. Escalas en dúas oitavas en 1ª posición de Sol M, Re M, Do M; e de Do M nunha oitava en 3ª posición. Dous estudos e dúas pezas.
- 2º trimestre: Perfeccionamiento dos golpes de arco: detaché, legato, martelé, staccato lento e portato, coas súas combinacións. Obras e estudos axeitados ó nivel con uso expresivo dos matices. A lo menos dous estudos e dúas pezas e un movemento dun concerto ou concertino.
- 3º trimestre: Escala de Do M en 2ª posición nunha oitava. Escala de Re M en dúas oitavas con cambio a 3ª posición. Obras e estudos axeitados ó nivel con uso expresivo dos matices. As formas básicas dos movementos de danza: Gavotte, Minuet, etc. Introducción o estudio do spiccato por medio de estudos preparatorios en cordas ó aire. Emprego de arcos abaixo lentos e arriba rápidos. A lo menos dous estudos e dúas pezas.

4º CURSO DE GRAO ELEMENTAL**Obxectivos:**

- Consolidar a técnica básica do violín no manexo do arco e a man esquerda. Desenvolver os elementos expresivos básicos da música, adaptándose á obra, o seu estilo e as indicacións dinámicas.
- Perfeccionar os cambios de posición e desenvolver o vibrato con fins expresivos. Perfeccionar os golpes de arco coñecidos e continuar co estudio do spiccato facendo uso deles de modo coherente no repertorio.
- Coñecer todas as escalas maiores e menores en dúas oitavas con cambios de posición ou en diferentes posicións (1ª, 2ª e 3ª). Iniciar nas escalas en tres oitavas (Sol M).
- Tocar un programa de obras que permita realizar unha proba de acceso a Grao Medio con soltura e interpretación axeitada, algunha delas de memoria. Comprender a forma básica do concerto para instrumento solista. Practicar a lectura a primeira vista con fragmentos seleccionados acordes ó nivel.

Contidos:

- Perfeccionamento e asimilación dos contidos dos cursos anteriores.
- Aprendizaxe dos elementos expresivos básicos da música. O estilo, os matices e as dinámicas.
- Estudio sistemático das tres primeiras posicións. Cambios de posición. Desenvolvemento do vibrato.
- Estudio dos golpes de arco básicos: detaché, legato, martelé, staccato lento e portato, coas súas combinacións, ademais do perfeccionamento do spiccato.
- Escalas en dúas oitavas con cambios de posición e arpexios, con diferentes golpes de arco. Iniciación ás tres oitavas no violín (Sol M).
- Técnicas de estudio e memorización.
- Lectura a primeira vista.
- Estructuras formais das obras interpretadas polo alumno.

Criterios de avaliación:

- Tocar un programa con tres pezas que permita a realización da proba de acceso ó Grao Profesional cunha correcta técnica, afinación e musicalidade. (ver listado de pezas recomendadas).
- Realizar os cambios de posición coa técnica correcta.
- Utilizar o vibrato como recurso expresivo.
- Saber utilizar os golpes de arco básicos axeitados para cada estudio ou peza a interpretar.
- Interpretar as dinámicas, estilo e matices de cada obra, cunha corrección esixible ó nivel elemental.
- Ler un fragmento breve a primeira vista acorde ó nivel.
- Comprender as estruturas formais das obras interpretadas polo alumno.

Repertorio orientativo para 4º de grao elemental:*Técnica:*

- A. Toledo: Sistema de escalas, arpegios y dobles cuerdas 1.
- Hrimaly: Estudios – escalas.
- Sevcik: Cambios de posicións, Op. 8.
- Schradieck: Mecanismo da man esquerda.

Estudios:

- Curci: 50 estudios melódicos, Op. 22.
- H. Sitt: Estudios na 2ª e 3ª posición, Op. 32, nº 2.
- Kayser: 36 estudios Op. 20.
- Wohlfahrt: 60 estudios, Op. 45, (*editorial Peters*), (a partir do 32).

Obras:

- Suzuki: Suzuki violin school 4 (violin part).
- Corelli, Scarlatti, Haendel: Sonatas.
- Vivaldi: Concertos e sonatas.
- Pleyel: Dúos, Op. 8 para dous violíns.
- Fiocco: Allegro.
- Kúchler: Concertino Op. 15.
- Seitz: Concerto nº 2.
- Telemann: Concerto en Sol M.

Contidos mínimos esixibles:

- Tres escalas e arpexios en dúas oitavas con cambios de posición e con tódolos golpes de arco básicos que figuran nos contidos do curso.
- Tres estudos con cambios de posición.
- Tres pezas.
- Un movemento dun concertino ou concerto.
- Lectura dun fragmento curto a primeira vista acorde ó nivel do alumno.
- Unha audición pública como mínimo.

Temporalización:

- 1º Trimestre: Aprendizaxe dos elementos expresivos básicos da música. O estilo, os matices e as dinámicas. Técnicas de estudo e memorización. Lectura a primeira vista. Escalas en dúas oitavas con cambios de posición e arpexios, con diferentes golpes de arco.

Interpretar unha escala cos seus arpexios con cambios de posición, un estudio con cambios de posición, unha peza e començar a aprendizaxe dun movemento dun concerto ou concertino.

- 2º trimestre: Perfeccionamiento e asimilación dos contidos dos cursos anteriores. Estudio sistemático das tres primeiras posicións. Cambios de posición. Desenvolvemento do vibrato. Interpretar unha escala cos seus arpexios con cambios de posición, un estudio con cambios de posición, unha peza e seguir coa aprendizaxe do concerto ou concertino.

- 3º trimestre: Estructuras formais das obras interpretadas polo alumno. Escala e arpexios de Sol M en tres oitavas. Perfeccionamiento dos elementos expresivos básicos da música. O estilo, os matices e as dinámicas. Perfeccionamiento dos cambios de posición e desenvolvemento do vibrato. Interpretar unha escala cos seus arpexios con cambios de posición, un estudio con cambios de posición, e perfeccionar a aprendizaxe do concerto ou concertino.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NO GRAO ELEMENTAL:

- 1.- Valorarase o control da posición do instrumento.
- 2.- Control da afinación.
- 3.- Control do son e das dinámicas.
- 4.- Control do ritmo.
- 5.- Control dos golpes de arco básicos.

Cualificación	Criterios de cualificación
9 – 10	<ul style="list-style-type: none"> - Interpretación realizada con fluidez e seguridade técnica. - Atención as dinámicas e fraseo. - Control do son e da afinación. - Tempo convincente desde o punto de vista musical. - Sensibilidade para o detalle musical e o carácter da obra.
7 – 8	<ul style="list-style-type: none"> - Interpretación realizada con seguridade técnica. - Evidencia de control do son e da afinación. - Tempo adecuado e mantido. - Utilización correcta das dinámicas e fraseo. - Capacidade de resposta ao estilo.
5 – 6	<ul style="list-style-type: none"> - Seguridade xeral nas notas e no ritmo. - Tecnicamente axeitado. - Sentido razoable da continuidade. - Evidencia dunha coidadosa preparación. - Rápida recuperación de calquera tropezo.
4	<ul style="list-style-type: none"> - Xusto por debaixo do nivel aceptable de precisión en xeral. - Falta de continuidade. - Pobre recuperación dos tropezos. - Erros na afinación e no ritmo. - Son pobre. - Evidencia da falta de preparación. - Limitacións no uso de recursos musicais.
2 – 3	<ul style="list-style-type: none"> - Serias dificultades coas notas e o ritmo. - Interrupcións frecuentes. - Seria falta do control do son. - Soamente algúns pasaxes dominados. - Incapaz de continuar sen erros máis dunha parte breve. - Técnicamente non axeitado.
1	<ul style="list-style-type: none"> - Non presenta traballo algún.

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO:

- Para aqueles alumnos que non superen o curso no mes de Xuño, farase una proba en Setembro, para a cal entrará o temario do curso entero. Na devandita proba, o tempo de interpretación será entre 15 e 30 minutos.

INTRODUCCIÓN Ó GRAO PROFESIONAL

A finalidade das ensinanzas profesionais da música é a de proporcionar ó alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

O estudio da especialidade instrumental, neste caso o violín, actúa como eixo vertebrador do currículo e tamén pretende chegar a unha formación profesional de carácter artístico, dirixida á consecución de competencias técnico-musicais específicas sen deixar de lado á formación humanística e cívica do alumnado.

En canto ós contidos da asignatura de violín non se pretenderá só a adquisición de novos coñecementos técnicos, senón tamén o afondamento dos xa adquiridos, perseguindo un fin artístico e expresivo. Nesta traxectoria o grao de dificultade interpretativa virá determinada pola natureza das obras que se seleccionen en cada curso.

Os criterios de avaliación virán determinados polo cumprimento dos obxectivos dos alumnos, aínda que se terán en conta o contexto do alumnado e as súas propias características e posibilidades, e terá unha función formativa, tanto para ó alumno como para o profesor, para deste xeito adoptar medidas correctoras ante as posibles dificultades que poidan xurdir.

En definitiva a meta será conseguir unha formación artística de calidade para os alumnos e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

1º CURSO DE GRAO PROFESIONAL**Obxectivos:**

- Controlar o equilibrio corporal, a respiración, a alternancia de tensión e relaxación, a concentración e a memoria.
- Perfeccionar os cambios de posición en todas as súas modalidades ata a 5ª posición.
- Afianzar o vibrato nas súas modalidades de brazo e de moneca, a distintas velocidades.
- Aproximación ós golpes de arco saltados: spiccato e saltillo.
- Desenvolver progresivamente a velocidade e a coordinación da man esquerda coa dereita.
- Tocar as escalas Sol M e m, e La M e m, cos seus arpejos, en tres oitavas, con diferentes golpes de arco e velocidades. Iniciar o estudio metódico das dobres cordas.
- Conseguir unha interpretación adecuada ós distintos estilos das obras.
- Estudiar con criterio, secuenciando o estudio para resolver problemas técnicos e musicais con economía de tempo e esforzo.
- Ler fragmentos a primeira vista axeitados ó nivel do curso.

Contidos:

- Traballo sobre os cambios de posición (ata a 5ª posición).
- Perfeccionamento dos golpes de arco. O spiccato e o staccato.
- Coordinación coa man esquerda.
- Desenvolvemento do vibrato.
- Dobres cordas simples.
- Traballo sobre a calidade do son, tendo e conta o peso, a velocidade e o punto de contacto.
- As escalas e os seus arpejos de Sol M, sol m, La M e La m, en tres oitavas.
- A calidade sonora: fraseo, afinación e dinámica. Estilo.
- Saber estudar. O estudio analítico.

- Iniciación ó fraseo e a agóxica musical.
- Continuación do adestramento da memoria e da lectura a primeira vista.
- Traballo das obras de repertorio propostas para este curso.

Criterios de avaliación:

- Coñecer de forma máis completa o instrumento e o arco, e as súas posibilidades acústicas: Saber afinalo. Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos propios do seu curso.
- Mostrar un grao de asimilación de conceptos técnicos, tanto do brazo dereito (suxeición, conducción, golpes de arco á corda, perfeccionamento dos saltados, acordes, etc), así como da man esquerda (articulación, cambios de posición, vibrato, desenvolvemento das dobres cordas, etc); Tamén coordinación de ambos brazos.
- Ter unha posición adecuada que lle permita ademáis da correcta colocación do instrumento, tocar con comodidade, liberdade e seguridade.
- Memorizar a maior parte posible do repertorio, e interpretar obras de memoria en público.
- Mostrar en cada clase a capacidade de aprendizaxe progresiva e os hábitos de estudio adquiridos.
- Tocar unha escala en tres oitavas e os seus arpexios con boa afinación e bo son, tendo en conta unha boa distribución do arco, uns cambios de posición fluídos e uns cambios de corda limpos, en catro, seis e oito ligadas por arco. A escala escollerase entre as seguintes: Sol M, Sol m, La b M, La M, La m, Si b M ou Si m.
- Aplicar na escala diferentes ritmos e golpes de arco: detaché, portato, legato, combinacións de detaché e legato, martelé, staccato ata catro ligadas, apiccato e saltillo, con boa afinación, bo ritmo e limpeza de son.
- Repentizar un fragmento musical de nivel apropiado con correcta afinación e ritmo.
- Memorizar gran parte do repertorio e interpretar pezas de memoria en público.

Repertorio orientativo para 1º curso de grao profesional:

Técnica:

- A. Toledo: Sistema de escalas, arpegios y dobles cuerdas 2.
- C. Flesch: Sistema de escalas.
- Sevcik: cambios de posicións, Op. 8.

- Sevcik: Mecanismo do arco, Op. 2.
- Schradieck: Mecanismo da man esquerda.

Estudios:

- Kayser: Estudios Op. 20.
- Wohlfahrt: 60 estudios, Op. 45 (*editorial Peters*), (a partir do 36).
- Mazas: Estudios especiales, Op. 36.
- Dont: 24 estudios, Op. 37.
- Kreutzer: 42 estudios.

Obras:

- Suzuki: Suzuki violin school, volume 5, 6 e 7 (violin part).
- Corelli: Sonatas, Op. 5.
- Vivaldi: Concertos en La m, La M e Sol m.
- Haydn: Sonatas para violín e piano nº 4 e 5.
- Sonatas de Vivaldi, Telemann e Haendel.
- Concertos e/ou concertinos de Seitz, Accölay, Rieding, etc.
- Albinoni: Concerto nº 4, Op. 5.
- Bach: Concerto en Re m.
- Portnoff: Concerto Op. 14.

- *Métodos e pezas que o profesor considere axeitadas.*

Contidos mínimos esixibles:

- Escalas e arpexios en tres oitavas.
- Tres estudos.
- Tres obras.
- Un concerto, concertino ou sonata.
- Unha audición pública como mínimo.

Temporalización:

- 1º trimestre: Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto. Saber estudar. O estudio analítico. Unha escala con seus arpexios en tres oitavas. Desenvolvemento do vibrato. Traballo das obras e dos estudos do repertorio propostas para este curso. Interpretaranse un estudio, unha obra e començar co concerto, concertino ou sonata.

- 2º trimestre: Dobres cordas simples. Anha escala cos seus arpejos en tres oitavas. Coordinación coa man esquerda. Traballo das obras de repertorio propostas para este curso. Interpretaranse un estudio, unha obra e seguir desenrolando o concerto, concertino ou sonata. Continuación do adestramento da memoria e da lectura a vista.

- 3º trimestre. Perfeccionamiento das escalas mencionadas con distintos golpes de arco. Traballo das obras e dos estudos do repertorio propostas para este curso. Interpretaranse un estudio, unha obra e perfeccionar o concerto, concertino ou sonata. Iniciación ó fraseo e a agónica musical. Traballo sobre os cambios de posición (ata a 5ª posición). Perfeccionamiento dos golpes de arco. O spiccato e o staccato.

2º CURSO DE GRAO PROFESIONAL**Obxectivos:**

- Afondar no ton muscular, na respiración e na comodidade na execución instrumental.
- Desenvolver a capacidade de memorizar as obras do curso.
- Desenvolver o control da afinación e a calidade do son.
- Ser capaz de tocar en público con seguridade e control.
- Cambiar de posición ata a 6º posición.
- Afondar no estudio de escalas e arpexios en tres oitavas, como mínimo ata Do M, con diferentes golpes de arco. Dobres cordas.
- Tocar os estudos e as obras do curso con estilo axeitado.
- Estudiar dunha forma intelixente e con boa calidade.
- Ler pezas a primeira vista axeitadas ó nivel do curso.

Contidos:

- Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato.
- Escalas en tres oitavas cos seus arpexios.
- Inicio das dobres cordas de 3ª, 6ª e 8ª.
- Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco.
- Harmónicos naturais e artificiais.
- Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agoxía e a dinámica.
- Desenvolvemento dos golpes de arco saltados.
- Traballo das obras de repertorio propostas para este curso.
- Continuación do desenvolvemento técnico-artístico do instrumento, tanto do arco como da man esquerda.

Criterios de avaliación:

- Mostrar en cada clase a capacidade de aprendizaxe progresiva e os bos hábitos de estudos adquiridos.
- Mostrar un grao de asimilación de conceptos técnicos, tanto do brazo dereito (suxeición, conducción, golpes de arco a la corda, perfeccionamento dos saltados, acordes, etc), e da man esquerda (articulación, cambios de posición, vibrato, desenvolvemento das dobres cordas, etc); así como da coordinación de ambos brazos.
- Tocar unha escala en tres oitavas e os seus arpejos con boa afinación e bo son, tendo en conta unha boa distribución do arco, uns cambios de posición fluídos e uns cambios de corda limpos, en catro, seis e oito notas ligadas por arco.
- Tocar unha escala con diferentes ritmos e golpes de arco: detaché, portato, legato, combinacións de detaché e legato, martelé, staccato ata oito notas ligadas, spiccato e saltillo, con boa afinación, bo ritmo e limpeza de son.
- Mostrar en cada clase a capacidade de aprendizaxe progresiva e os bos hábitos de estudio adquiridos.
- Tocar exercicios de lectura a primeira vista conforme ós niveis propios de curso.
- Memorizar gran parte do repertorio e interpretar pezas de memoria en público.

Repertorio orientativo para 2º curso de grao profesional:*Técnica:*

- A. Toledo: Sistema de escalas, arpejos y dobles cuerdas 2.
- C. Flesch: Sistema de escalas.
- Sevcik: Cambios de posicións, Op. 8.
- Sevcik: Mecanismo do arco, Op.2.
- Schradieck: Mecanismo da man esquerda.

Estudios:

- Kayser: Estudios Op. 20 (do 13 ó 36).
- Wohlfahrt: 60 estudios Op. 45 (*editorial Peters*), (53, 55, 56, 59 e 60).
- Fiorillo: 36 estudios.
- Mazas: Estudios especiais e brillantes, Op. 36.
- Dont: 24 estudios, Op. 37.
- Kreutzer: 42 estudios.

Obras:

- Suzuki: Suzuki violin school, volume 5, 6 e 7 (violin part).
- Haydn: Sonatas para violín e piano.
- Telemann: 12 fantasías para violín só.
- Corelli: Sonatas, Op. 5.
- Sonatas de Vivaldi, Telemann, haendel, Tartini, Leclair, etc.
- Concertos de Vivaldi, Tartini, Bach, etc.
- Concertos e/ou concertinos de Accölay, rieding, sitt, viotti, Rode, Kreutzer, etc.
- Toldrá: 6 sonetos.
- *Métodos e pezas que o profesor considere axeitadas.*

Contidos mínimos esixibles:

- Escalas e arpexios en tres oitavas e con dobles cordas.
- Tres estudos.
- Tres pezas.
- Un concerto, concertino ou sonata.
- Unha audición pública como mínimo.

Temporalización:

- 1º trimestre: .Unha escala cos seus arpexios en tres oitavas. Inicio das dobres cordas de 3ª, 6ª e 8ª, nunha oitava. Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco. Interpretaranse un estudio, unha peza, e comenar coa execución dun concerto, concertino ou sonata.
- 2º trimestre: Harmónicos naturais e artificiais. Escalas nunha corda. Desenvolvemento dos golpes de arco saltados. Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e o punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato. Continuación do desenvolvemento técnico-artístico do instrumento, tanto do arco como da man esquerda. Interpretaranse un estudio, unha peza, e seguir coa execución do concerto, concertino ou sonata.
- 3º trimestre: Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agóxica e a dinámica. Interpretaranse un estudio, unha peza e perfeccionamento do concerto, concertino ou sonata.

3º CURSO DE GRAO PROFESIONAL**Obxectivos:**

- Manter hábitos de estudio que permitan desenvolver as capacidades técnico-artísticas, aplicando progresivamente e con autonomía os coñecementos musicais, valorando o propio rendemento e o tempo empregado no estudio.
- Continuar o desenvolvemento técnico-artístico do instrumento, tanto do arco como da man esquerda: articulación, fraseo, dixitación, etc.
- Controlar permanentemente a afinación e perfeccionar continuamente a calidade sonora.
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos de unha dificultade axeitada ó nivel do curso.
- Iniciar a aplicación de coñecementos harmónicos, formais e históricos na busca de unha interpretación artística de calidade.
- Adquirir o autocontrol necesario a través da experiencia de tocar en público, fomentando a memorización do repertorio.
- Desenvolver a capacidade da lectura a primeira vista.
- Fomentar o hábito de escoitar música para adquirir progresivamente criterios interpretativos.

Contidos:

- Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto, e o vibrato.
- Escalas en posición fixa, sobre unha corda e en tres oitavas, cos seus respectivos arpexios.
- Dobres cordas de 3ª, 6ª e 8ª.
- Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco.
- Harmónicos naturais e artificiais.
- Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agónica e a dinámica.
- Continuación do adestramento da memorización do repertorio e da lectura a primeira vista.

Criterios de avaliación:

- Ter unha postura corporal que permita unha correcta colocación do instrumento e que favoreza os movementos e a coordinación de ambos brazos.
- Mostrar en cada clase a capacidade de aprendizaxe progresivo os bos hábitos de estudio.
- Mostrar un grao de asimilación de conceptos técnicos, tanto do brazo dereito (suxeición, conducción, golpes de arco a la corda, perfeccionamento dos saltados, acordes, etc), e da man esquerda (articulación, cambios de posición, vibrato, desenvolvemento das dobres cordas, etc); así como da coordinación de ambos brazos.
- Tocar exercicios de lectura a primeira vista conforme ós niveis propios do curso.
- Interpretar un repertorio que inclúa estudos, obras para violín só, concertos, sonatas, etc; empregando a técnica adquirida e os criterios estéticos aprendidos. Memorización de parte do repertorio.
- Mostrar en cada clase unha maior autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos.

Repertorio orientativo para 3º curso de grao profesional:*Técnica:*

- A. Toledo: Sistema de escalas, arpegios y dobles cuerdas 2.
- C. Flesch: Sistema de escalas.
- Sevcik: Cambios de posicións, Op. 8.
- Sevcik: Mecanismo do arco, Op.2.
- Schradieck: Mecanismo da man esquerda.
- V. Manoogian: Estudio de terceiras.
- V. Manoogian: Estudio de sextas.

Estudios:

- Mazas: Estudios brillantes, op. 36.
- Fiorillo: 36 estudios.
- Kreutzer: 42 estudios.
- Rode: 24 caprichos.
- Kayser: Estudios Op. 20.

Obras:

- J. S. Bach: Concerto en Mi M.
- J. S. Bach: Sonatas (BW 1014 – 1019).
- Vivaldi: Concertos.

- Corelli: Sonatas, Op. 5.
- Haendel: Sonatas para violín.
- Telemann: 12 fantasías para violín só.
- Tartini: Sonata "Didona Abandonata".
- Viotti: Concerto nº 23 en sol M.
- Mozart: Concerto nº 2, K.211.
- Schubert: Sonatinas Op. 137.
- Haydn: Sonatas.
- Haydn: Concerto en Sol M.
- Kreisler: Liebeslied.
- Wieniawski: Dúas Mazurkas, Op. 19.
- Sarasate: Playera.
- Toldrá: 6 sonetos.
- Falla: A vida breve.
- *Métodos e pezas que o profesor considere axeitadas.*

Contidos mínimos esixibles:

- Escalas e arpexios en tres oitavas e con dobres cordas.
- Tres estudos.
- Tres pezas.
- Un concerto, concertino ou sonata.
- Unha audición pública como mínimo.

Temporalización:

- 1º trimestre: Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto, e o vibrato. Escalas en posición fixa, sobre unha corda, en tres oitavas, etc, e cos seus respectivos arpexios. Estudio das dobres cordas: 3ª, 6ª e 8ª. Aplicación dos diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco a tódolos aspectos do estudio da técnica. Interpretaranse un estudio, unha peza, e comenzar coa execución dun concerto, concertino ou sonata.
- 2º trimestre: Harmónicos naturais e artificiais. Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agónica e a dinámica das pezas e estudos. Continuación do adestramento da memoria e da lectura a vista. Interpretaranse un estudio, unha peza, e seguir coa execución do concerto, concertino ou sonata.
- 3º trimestre: Perfeccionamiento dos aspectos técnicos e interpretativos das obras e estudos recomendadas do curso. Interpretaranse un estudio, unha peza, e perfeccionar a execución do concerto, concertino ou sonata.

4º CURSO DE GRAO PROFESIONAL**Obxectivos:**

- Manter hábitos de estudio que permitan desenvolver as capacidades técnico-artísticas, aplicando progresivamente e con autonomía os coñecementos musicais, valorando o propio rendemento e o tempo empregado no estudio.
- Continuar o desenvolvemento técnico-artístico do instrumento, tanto do arco como da man esquerda: articulación, fraseo, dixitación, etc.
- Controlar permanentemente a afinación e perfeccionar continuamente a calidade sonora.
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos de unha dificultade axeitada ó nivel do curso.
- Iniciar a aplicación de coñecementos harmónicos, formais e históricos na busca de unha interpretación artística de calidade.
- Adquirir o autocontrol necesario a través da experiencia de tocar en público, fomentando a memorización do repertorio.
- Desenvolver a capacidade da lectura a primeira vista.
- Fomentar o hábito de escoitar música para adquirir progresivamente criterios interpretativos.

Contidos:

- Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto, e o vibrato.
- Escalas en posición fixa, sobre unha corda e en tres oitavas, cos seus respectivos arpexios.
- Dobres cordas de 3ª, 6ª e 8ª.
- Iniciación ós acordes de tres e catro notas. Iniciación ós golpes de arco virtuosísticos (ricochet, staccato volante e á corda, etc).
- Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco.
- Harmónicos naturais e artificiais.

- Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agónica e a dinámica.
- Continuación do adestramento da memorización do repertorio e da lectura a primeira vista.
- Traballo das obras propostas para este curso.

Criterios de avaliación:

- Coñecer o instrumento e o arco: especialmente a súa historia e mantemento.
- Mostrar un grao de asimilación de conceptos técnicos, tanto do brazo dereito: Suxeición, conducción, golpes de arco á corda e saltados, etc, así como da man esquerda: articulación, cambios de posición, vibrato, desenvolvemento das dobres cordas, etc; Tamén a coordinación de ambos brazos.
- Ter unha postura corporal que permita unha correcta colocación do instrumento e favoreza os movementos e coordinación de ambos brazos.
- Interpretar un repertorio que inclúa estudos, obras para violín só, concertos, sonatas, etc; empregando a técnica adquirida e os criterios estéticos aprendidos.
- Memorización de parte do repertorio.
- Mostrar en cada clase a capacidade de aprendizaxe progresivo e os hábitos de estudo adquiridos, así como unha maior autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos.

Repertorio orientativo para 4º curso de grao profesional:

Técnica:

- A. Toledo: Sistema de escalas, arpegios y dobles cuerdas 2.
- C. Flesch: Sistema de escalas.
- Sevcik: Cambios de posicións, Op. 8.
- Sevcik: Mecanismo do arco, Op.2.
- Schradieck: Mecanismo da man esquerda.
- V. Manoogian: Estudio de terceiras.
- V. Manoogian: Estudio de sextas.

Estudios:

- Mazas: Estudios brillantes Op. 36.
- Fiorillo: 36 estudios.

- Kreutzer: 42 estudos.
- Rode: 24 caprichos.
- Dont: Estudos Op. 37.

Obras:

- Telemann: 12 fantasías para violín só.
- J. S. Bach: Concertos.
- Vivaldi: Verano.
- Haydn: Sonatas para violín e piano.
- Mozart: Sonatas para violín e piano.
- Mozart: Adagio en Mi.
- Schubert: Sonatinas Op. 137.
- Accölay: Concertinos.
- Beethoven: Romanzas.
- Veracini: Sonata nº 6, Op. 2.
- De Beriot: Pezas.
- Kreisler: Siciliana e Rigardón, melodía, etc.
- Elgar: Salud de amor.
- Toldrá: 6 sonetos.
- Granados: Romanza.
- Haydn: Concerto en Do M e concerto en Sol M.
- Concertos románticos: Viotti, Rode, Kreutzer, Sphor, De Beriot, etc.
- *Métodos e pezas que o profesor considere axeitadas.*

Contidos mínimos esixibles:

- Escalas e arpeixos en tres oitavas e con dobres cordas.
- Tres estudos.
- Tres pezas.
- Un concerto, concertino ou sonata.
- Unha audición pública como mínimo.

Temporalización:

- 1º trimestre: Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto, e o vibrato. Escalas cos seus arpeixos en posición fixa, sobre unha corda, en tres oitavas, etc. Dobres cordas con 3ª, 6ª e 8ª. Iniciación ós acordes de tres e catro notas. Iniciación dos golpes de arco virtuosísticos. Traballo nas obras e estudos do repertorio propostas para este curso. Interpretaranse un estudio, unha peza, e comenzar coa execución dun concerto, concertino ou sonata.

- 2º trimestre: Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco. Exercicios con harmónicos naturais e artificiais. Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agónica e a dinámica. Continuación do adestramento da memoria e da lectura a primeira vista. Aumento progresivo da velocidade na realización de escalas e dobres cordas. Interpretaranse un estudio, unha peza, e seguir coa execución do concerto, concertino ou sonata.

- 3º trimestre: Aplicación de golpes de arco complexos ó estudio das escalas, tales como ricochet ou staccato volante. Refinamento do traballo das obras e estudos do repertorio propostas para este curso, así como análise autocrítico dos resultados obtidos na súa interpretación. Interpretaranse un estudio, unha peza, e perfeccionar a execución do concerto, concertino ou sonata.

5º CURSO DE GRAO PROFESIONAL**Obxectivos:**

- Manter hábitos de estudio que permitan desenvolver as capacidades técnico-artísticas, aplicando progresivamente e con autonomía os coñecementos musicais, valorando o propio rendemento e o tempo empregado no estudio.
- Continuar o desenvolvemento técnico-artístico do instrumento, tanto do arco como da man esquerda: articulación, fraseo, dixitación, etc.
- Controlar permanentemente a afinación e perfeccionar continuamente a calidade sonora.
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos de unha dificultade axeitada ó nivel do curso.
- Seguir coa aplicación de coñecementos harmónicos, formais e históricos na busca de unha interpretación artística de calidade.
- Adquirir cada vez un maior autocontrol necesario a través da experiencia de tocar en público, fomentando a memorización do repertorio.
- Seguir desenvolvendo a capacidade da lectura a primeira vista.
- Fomentar o hábito de escoitar música para adquirir progresivamente criterios interpretativos.
- Afondar no dominio das capacidades expresivas do instrumento, tanto a nivel tímbrico como técnico, buscando dentro das características interpretativas das obras o descubrimento das capacidades expresivas e individuais de cada alumno.

Contidos:

- Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto, e o vibrato.
- Aplicación das posibilidades sonoras e expresivas no contexto musical, estético, formal e histórico das obras interpretadas.
- Escalas en posición fixa, sobre unha corda e en tres oitavas, cos seus respectivos arpexios. Iniciación de escalas con catro oitavas.
- Dobres cordas de 3ª, 6ª e 8ª. Desenvolvemento da técnica dos acordes nas dúas mans.
- Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco.

- Harmónicos naturais e artificiais.
- Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agónica e a dinámica.
- Continuación do adestramento da memorización do repertorio e da lectura a primeira vista.
- Iniciación á polifonía no instrumento.
- Traballo das obras propostas para este curso.

Criterios de avaliación:

- Coñecer o instrumento e o arco: especialmente a súa historia e mantemento.
- Mostrar un grao de asimilación de conceptos técnicos, tanto do brazo dereito: Suxeición, conducción, golpes de arcoá corda e saltados, etc, así como da man esquerda: articulación, cambios de posición, vibrato, desenvolvemento das dobres cordas, etc; Tamén a coordinación de ambos brazos.
- Ter unha postura corporal que permita unha correcta colocación do instrumento e favoreza os movementos e coordinación de ambos brazos.
- Demostrar un dominio práctico das diferentes técnicas no repertorio estudado.
- Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos propios do seu curso.
- Interpretar un repertorio que inclúa estudos, obras para violín só, concertos, sonatas, etc; empregando a técnica adquirida e os criterios estéticos aprendidos.
- Demostrar sensibilidade na afinación e na calidade do son.
- Memorización de parte do repertorio.
- Mostrar en cada clase a capacidade de aprendizaxe progresivo e os hábitos de estudo adquiridos, así como unha maior autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos.
- Tocas exercicios de lectura a primeira vista conforme ós niveis propios do curso.

Repertorio orientativo para 5º curso de grao profesional:*Técnica:*

- A. Toledo: Sistema de escalas, arpegios y dobles cuerdas 2.
- C. Flesch: Sistema de escalas.
- Sevcik: Cambios de posicións, Op. 8.
- Sevcik: Mecanismo do arco, Op.2.
- Schradieck: Mecanismo da man esquerda.
- V. Manoogian: Estudio de terceiras.
- V. Manoogian: Estudio de sextas.

Estudios:

- Dont: 24 estudios, Op. 35.
- Kreutzer: 42 estudios.
- Rode: 24 caprichos.
- Gavinies: 24 estudios matinées.
- Fiorillo: 36 estudios.
- Mazas: Estudios brillantes, Op. 36.

Obras:

- Telemann: 12 fantasías para violín só.
- J. S. Bach: Sonatas e partitas para violín só.
- Tartini: Sonata “El trino del diablo”.
- Mozart: Sonatas para violín y piano.
- Beethoven: Sonatas para violín y piano.
- Beethoven: Romanzas.
- Schubert: Sonatinas Op. 137.
- Sarasate: Malagueña, Romanza andaluza, etc.
- Kreisler: Shon- Rosmarin, preludio et allegro, Tango de Albéniz, etc.
- Wieniawski: Leyenda.
- De Beriot: Escenas de Ballet.
- Falla: Canciones populares Españolas.
- Viotti: Concerto en La m, nº 22.
- Haydn: Concertos.
- Mozart: Concertos (Do 1 ó 3).
- Rode: Concertos nº 6, 7 e 9.
- Kabalevski: Concerto en do, op. 48.
- Kreutzer: Concerto en Re nº 13.
- Vitali: Chacona.
- Vivaldi: El otoño y el invierno.
- *Métodos e pezas que o profesor considere axeitados.*

Contidos mínimos esixibles:

- Escalas e arpexios en tres oitavas e con dobres cordas.
- Tres estudos.
- Tres pezas.
- Un movemento das sonatas e partitas de J. S. Bach.
- Un concerto, concertino ou sonata.
- Unha audición pública como mínimo.

Temporalización:

- 1º trimestre: Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto, e o vibrato. Escalas cos seus arpexios en posición fixa, sobre unha corda, en tres oitavas, etc. Dobres cordas con 3ª, 6ª e 8ª. Iniciación ás escalas en catro oitavas. Traballo nas obras e estudos do repertorio propostas para este curso. Interpretaranse un estudio, unha peza, un movemento dunha fantasía de Telemann, e començar coa execución dun concerto, concertino ou sonata.

- 2º trimestre: Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco. Exercicios con harmónicos naturais e artificiais. Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agónica e a dinámica. Continuación do adestramento da memoria e da lectura a primeira vista. Aumento progresivo da velocidade na realización de escalas e dobres cordas. Interpretaranse un estudio, unha peza, un movemento dunha fantasía de Telemann e seguir coa execución do concerto, concertino ou sonata.

- 3º trimestre: Iniciación á polifonía no instrumento. A escoita polifónica e a consunción das diferentes voces. Afondamento nos principios de autopercepción, sensación corporal, auto escoita e autoanálise á hora de lograr unha maior autonomía no estudio. Interpretaranse un estudio, unha peza, un movemento dunha sonata e partita de J. S. Bach, e perfeccionar a execución do concerto, concertino ou sonata.

6º CURSO DE GRAO PROFESIONAL**Obxectivos:**

- Desenvolver unha maior capacidade de estudio que permita un maior control das capacidades técnico-artísticas, aplicando progresivamente e con autonomía os coñecementos musicais, valorando o propio rendemento e o tempo empregado no estudio.
- Continuar o desenvolvemento técnico-artístico do instrumento, tanto do arco como da man esquerda: articulación, fraseo, dixitación, etc.
- Controlar permanentemente a afinación e perfeccionar continuamente a calidade sonora.
- Desenvolver a capacidade de aplicar unha dixitación propia e arqueo, seguindo as normas e patróns estéticos adecuados.
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos de unha dificultade axeitada ó nivel do curso.
- Afondar na aplicación de coñecementos harmónicos, formais e históricos na busca de unha interpretación artística de calidade.
- Adquirir cada vez un maior autocontrol necesario a través da experiencia de tocar en público, fomentando a memorización do repertorio.
- Seguir desenvolvendo a capacidade da lectura a primeira vista cada vez a un maior nivel.
- Seguir co hábito de escoitar música para adquirir progresivamente criterios interpretativos.
- Afondar no dominio das capacidades expresivas do instrumento, tanto a nivel tímbrico como técnico, buscando dentro das características interpretativas das obras o descubrimento das capacidades expresivas e individuais de cada alumno.

Contidos:

- Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e o punto de contacto, e o vibrato.
- Aplicación das posibilidades sonoras e expresivas no contexto musical, estético, formal e histórico das obras interpretadas.
- Escalas e arpeixos en tres e catro oitavas.
- Escalas en dobres cordas con 3ª, 6ª e 8ª. Desenvolvemento dos acordes con extensións, arpexiados, invertidos, etc. Afondamento na execución dos golpes de arco virtuosos.

- Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco dentro das escalas.
- Exercicios con harmónicos naturais e artificiais.
- Traballo analítico do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agóxica, etc.
- Continuación do adestramento da memoria e da lectura a primeira vista.
- Desenvolvemento da polifonía do instrumento. Aplicación da escoita polifónica e da condución das diferentes voces.
- Traballo das obras de repertorio propostas para este curso.
- Afondamento nos principios de autopercepción, sensación corporal, auto escoita, e autoanálise á hora de lograr unha maior autonomía no estudio.

Criterios de avaliación:

- Coñecer o instrumento e o arco: especialmente a súa historia e mantemento.
- Mostrar un grao de asimilación de conceptos técnicos, tanto do brazo dereito: Suxeición, condución, golpes de arco á corda e saltados, etc, así como da man esquerda: articulación, cambios de posición, vibrato, desenvolvemento das dobres cordas, etc; Tamén a coordinación de ambos brazos.
- Ter unha postura corporal que permita unha correcta colocación do instrumento e favoreza os movementos e coordinación de ambos brazos.
- Demostrar un dominio práctico das diferentes técnicas no repertorio estudiado. Executar o repertorio co control permanente da afinación.
- Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos propios do seu curso en cada clase, así como a capacidade de aprendizaxe progresiva e os hábitos de estudio adquiridos.
- Interpretar un repertorio que inclúa estudos, obras para violín só, concertos, sonatas, etc; empregando a técnica adquirida e os criterios estéticos aprendidos. Interpretación en público de ditas pezas.
- Demostrar sensibilidade na afinación e na calidade do son.
- Memorización de parte do repertorio.

- Mostrar en cada clase a capacidade de aprendizaxe progresivo e os hábitos de estudio adquiridos, así como unha maior autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos.

- Tocas exercicios de lectura a primeira vista conforme ós niveis propios do curso.

Repertorio orientativo para 6º curso de grao profesional:

Técnica:

- A. Toledo: Sistema de escalas, arpegios y dobles cuerdas 2.
- C. Flesch: Sistema de escalas.
- Sevcik: Cambios de posicións, Op. 8.
- Sevcik: Mecanismo do arco, Op.2.
- Schradieck: Mecanismo da man esquerda.
- V. Manoogian: Estudio de terceiras.
- V. Manoogian: Estudio de sextas.

Estudios:

- Dont: 24 estudios, Op. 35.
- Kreutzer: 42 estudios.
- Rode: 24 caprichos.
- Gavinies: 24 estudios matinées.
- Fiorillo: 36 estudios.
- Mazas: Estudios brillantes, Op. 36.

Obras:

- J. S. Bach: Sonatas e partitas para violín só..
- Ysaye: Sonatas para violín só.
- M. Reger: Preludios, fugas e sonatas para violín só.
- Telemann: 12 fantasías para violín só.
- Prokofiev: Sonata Op. 115, para violín só.
- E. Bloch: Suite nº 1, para violín só.
- Beethoven: Sonatas (1 – 10).
- Brahms: Sonatas (1 – 3).
- Fauré: Sonatas nº 1 e 2.
- Mozart: Sonatas para violín e piano.
- Sonatas románticas ou do século XX.
- Viotti: Concerto en La m, Op. 22.
- Haydn: Concerto en Do M.
- Mozart: Concertos (1 – 5).
- Rode: Concertos nº 6 e 7.
- Kreutzer: Concertos.

- De Beriot: Concertos.
- Mendelssohn: Concerto en Mi m, Op. 64.
- M. Bruch: Concerto en Sol m nº 1, Op 26.
- Wieniawski: Concerto nº 2, Op. 22.
- Vieuxtemps: Concerto nº 4, Op. 31.
- Concertos románticos ou do século XX.
- Vivaldi: Chacona.
- Tartini: Sonata “El trino del diablo”.
- Beethoven: Romanzas.
- Saint-Saëns: Habanera.
- Wieniawski: Polonesas en Re M e La M, Scherzo e tarantella, etc.
- Kreisler: Tambourin chinois, Recitativo e Scherzo, Capricho Vienés, etc.
- Sarasate: Malagueña, Romanza andaluza, Introducción e Tarantella, Zapateado, etc.
- *Métodos e pezas que o profesor considere axeitados.*

Contidos mínimos esixibles:

- Escalas e arpexios en tres ou catro oitavas e con dobres cordas.
- Tres estudos.
- Tres pezas.
- Dous movementos das sonatas e partitas de J. S. Bach.
- Un concerto con cadencia que deberá interpretarse de memoria.
- Tocar nas probas extraordinarias de fin de trimestre.
- Concerto público de fin de curso.

Temporalización:

- 1º trimestre: Desenvolvemento da polifonía no instrumento. Aplicación da escoita polifónica e da conducción das diferentes voces. Traballo das obras e estudos do repertorio propostas para este curso. Traballo analítico do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agónica, etc. Escalas cos seus arpexios en tres e catro oitavas. Dobres cordas con 3ª, 6ª e 8ª. Desenvolvemento dos acordes en extensións, arpexiados, invertidos, etc. Afondamento na execución dos golpes de arco virtuosos. Interpretaranse un estudio, unha peza, e comenzar coa execución dun concerto.

- 2º trimestre: Traballo sobre a calidade de son, tendo en conta o peso, a velocidade e o punto de contacto, e o vibrato. Aplicación das posibilidades sonoras expresivas no contexto musical, estético, formal e histórico das obras interpretadas. Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco dentro das escalas. Relación entre os

aspectos formais e harmónicos coa memorización. Interpretaranse un estudio, unha peza, un movemento dunha sonata e partita de Bach, e seguirase coa execución do concerto.

- 3º trimestre: Exercicios e escalas con harmónicos naturais e artificiais. Continuación do adestramento da memoria e da lectura a primeira vista. Estudio das escalas con maior velocidade e co emprego de ritmos irregulares e máis complexos. Afondamento dos principios de autopercepción, sensación corporal, auto escoita, e autoanálise á hora de lograr unha maior autonomía no estudio. Interpretación en público ó final de curso de parte do repertorio. Interpretaranse neste trimestre, un estudio, unha peza, un movemento polifónico das sonatas e partitas de J. S. Bach, e perfeccionamento do concerto.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NO GRAO PROFESIONAL:

- 1.- Valorarase o control da posición do instrumento.
- 2.- Control e calidade da afinación.
- 3.- Control e calidade do son.
- 4.- Control do ritmo e medida das figuras.
- 5.- Control dos golpes de arco e das articulacións.
- 6.- Grao de dificultade do repertorio.
- 7.- Claridade na dixitación.
- 8.- Estilos interpretativos, tempos e articulacións das obras.
- 9.- Control, calidade e capacidade de realización das diferentes dinámicas.
- 10.- Capacidade de interpretación.

Cualificación	Criterios de cualificación
9 – 10	<ul style="list-style-type: none"> - Interpretación realizada con seguridade técnica e autoridade musical. - Excelente precisión e fluidez na interpretación. - Realización musical de tódolos detalles escritos na partitura. - Excelente afinación. - Excelente produción, flexibilidade e proxección do son. - Tempo musicalmente convincente e mantido. - Sentido instintivo e comunicativo da interpretación.
7 – 8	<ul style="list-style-type: none"> - Precisión e fluidez xeral na interpretación. - Atención ós detalles escritos na partitura. - Boa calidade, flexibilidade e proxección do son. - Tempo axeitado e mantido. - Correcto uso do fraseo, das dinámicas e da articulación. - Sentido comunicativo da interpretación.
5 – 6	<ul style="list-style-type: none"> - Seguridade global dentro dun tempo axeitado e ben mantido. - Técnicamente axeitado. - Limitacións no uso de recursos musicais. - Calidade, flexibilidade e proxección do son aceptable. - Evidencia dunha coidadosa preparación.
4	<ul style="list-style-type: none"> - Xusto por debaixo do nivel aceptable de precisión en xeral. - Erros na afinación e no ritmo. - Son pobre, con flexibilidade limitadas e ausencia de expresión. - Algúns tropezos ou interrupcións. - Falta de fraseo, dinámica e articulación. - Tempo non axeitado ou non mantido. - Estilo inapropiado. - Evidencia na falta de preparación.
2 – 3	<ul style="list-style-type: none"> - Serias dificultades coas notas e/ou o ritmo. - Ausencia de detalles musicais. - Seria falta de control do son. - Soamente algúns pasaxes dominados. - Incapaz de continuar sen erros máis dunha breve parte. - Técnicamente non axeitado.
1	<ul style="list-style-type: none"> - Non presenta traballo algún.

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO:

- Para aqueles alumnos que non superen o curso no mes de Xuño, farase una proba en Setembro, para a cal entrará o temario do curso entero. Na devandita proba, o tempo de interpretación será entre 30 e 45 minutos.

METODOLOXÍA:

- Fomentar no alumno o coidado dun tempo persoal de estudo diario e de calidade xa que é fundamental para obter unha boa motivación e un bo rendemento, así como bos resultados.
- Traballar fórmulas técnicas puras no instrumento e a súa correcta inserción na interpretación das obras.
- Facer un seguimento individualizado do alumno, tanto na asistencia como no rendemento.
- Fomentar o coidado do material e a adquisición de un idóneo.
- Potenciar un contacto permanente cos pais e o sentido auto-crítico do alumno.
- Coidar aspectos educativos complementarios como a puntualidade, asistencia ás clases, ser ordenado, etc.
- Manter coidadas as instalacións do centro e ordenar a aula o salir da mesma.
- Constituir probas extraordinarias de fin de trimestre antes da avaliación con asistencia obrigatoria para tódolos alumnos, coa finalidade de que desenrolen a capacidade de tocar o instrumento diante de xente e aprender a controlar os nervos.
- Constituir probas extraordinarias de fin de trimestre para que o alumno que perda a avaliación continuada pola acumulación de moitas faltas de asistencia, poda facer unha proba para superar o trimestre.
- Facer audicións públicas para que todo o alumnado poda tocar a lo menos unha vez por curso parte do seu repertorio aprendido.
- Distribuirse o tempo nunha clase individual á semán, tanto para os alumnos de grao elemental como de grao profesional.
- Os métodos de estudo e a metodoloxía de ensino serán acordes co nivel de madurez do alumno e adaptarse continuamente ó seu progreso. Afondarase no nivel de corrección técnica mediante estudos e exercicios; e no nivel expresivo, na sonoridade, na afinación e no coñecemento do estilo, con obras de envergadura e interés crecente.

PLAN DE TRABAJO PARA A SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES:

- Programación de tarefas de carácter individual para o reforzamento dos puntos débiles de cada alumno.
- Programación da práctica semanal baixo supervisión dos seus pais ou titores.
- Asistencia como oínte a clases de outros alumnos.

- Clases de reforzo.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- A avaliación será continua e global. Avaliaranse non só conceptos (como se toca) senón tamén procedementos (como se estudia), actitudes (interese, motivación e modo en que o alumno se achega á música), asistencia ás clases, se trae ou non o material necesario e o orden, o comportamento e o progreso.

- No caso concreto do ensino do violín, a observación e audición directa serán os elementos fundamentais do proceso avaliador. A análise do traballo realizado polo alumno, o seu progreso, o seu sistema de estudio e aproveitamento, e seu interese, revelará a eficacia tanto do seu traballo como o do profesor. Para isto é importante que haxa unha autoavaliación continua de alumno e do profesor.

- A avaliación continua realizarase constantemente na aula e mediante audicións ou concertos no auditorio do centro, nos que participarán tódolos alumnos.

- O mesmo profesor tamén deberá facer unha autoavaliación do seu traballo segundo os progresos que teñan os seus alumnos, e o seu grao de motivación.

- Para a avaliación poderanse utilizar diversos recursos: análises do traballo individual, audicións, concertos, participación en actividades, cursos, etc.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN:

O proceso de avaliación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotidiás, que se realizan ó longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos. É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como os conceptos que se van adquirindo. No desenvolvemento de capacidades e habilidades musicais os procesos de precisión, calidade sonora, capacidade de comprensión formal e gusto pola interpretación ben feita van implicadas á valoración do propio traballo individual e ó desenvolvemento da propia responsabilidade persoal. Hai que ter en conta os seguintes puntos:

1.- Avaliación inicial: Deberemos ter en conta os coñecementos previos do alumnado para que a aprendizaxe sexa significativa e se guíe por criterios constructivistas.

2.- Avaliación formativa: É necesario avaliar de forma continua os progresos do alumnado para poder corrixir sobre a marcha e para que o proceso de ensinanza-aprendizaxe sexa máis coherente. Esta avaliación é en realidade a que lle da o sentido de continuidade á avaliación.

3.- Avaliación sumativa: A parte das anteriores avaliacións é moi importante que o alumnado se vaia acostumbrando a ter probas periódicas para ver o grao de cumprimento

dos obxectivos e contidos propostos para o curso. É por conseguinte que se fan probas extraordinarias de fin de trimestre.

Entre os principais procedementos de avaliación atopamos os seguintes:

Traballo persoal diario: A observación sistemática clase a clase é o primeiro e mellor procedemento para acadar información fiable acerca do progreso do alumno.

Caderno persoal diario: A información recollida polo alumno tamén é un procedemento directo de comprobalo grao de comprensión e captación dos coñecementos por parte do alumno.

Probas prácticas: Ademais de valoralos coñecementos do alumno, axuda a comprobar como se desenvolve o alumno nunha situación na cal pode haber oíntes: audicións, concertos, probas extraordinarias de fin de trimestre.

ATENCIÓN ÁS NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS

O tema das necesidades educativas especiais ou específicas é un ámbito difícil de abordar no ensino dos conservatorios. Debido ó carácter voluntario de este tipo de especialidades para os alumnos e o seu carácter orientado cara a profesionalización, a atención ós alumnos con necesidades especiais ou dificultades de aprendizaxe queda un tanto condicionada. É importante aclarar que segundo a lexislación educativa galega, cada alumno é diferente e precisa dunha atención individualizada, e por eso non podemos pretender que todos aprendan igual, polo que é necesario facer uso dunha diversificación metodolóxica. Si facemos una aproximación máis concreta ó concepto, hai alumnos que requiren unha atención máis específica ou especializada para lograr os mesmos obxectivos que os demais. Trátase de aqueles que por diferentes razóns, temporalmente ou de maneira permanente, non están en condicións de evolucionar cara á autonomía persoal e á integración social cós medios dos que dispoñemos habitualmente e que "requiren determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conducta "(LOE, artigo 73, sección primeira, título II).

Así mesmo a LOE no Capítulo dedicado á equidade na educación (Título II, Capítulo I, Artigo 71), refírese a este tipo de alumnos, e enuméranse unha serie de principios relacionados có tema:

1. As administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral nesta lei.
2. Correspóndelles ás administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ó sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

3. As administracións educativas establecerán os procedementos e recursos precisos para identificar de forma temperá as necesidades educativas específicas dos alumnos e alumnas a que se refire ó punto anterior. A atención integral ó alumnado con necesidade específica de apoio educativo iniciárase desde o mesmo momento en que esa necesidade sexa identificada e rexerese polos principios de normalización e inclusión.

4. Correspóndelles ás administracións educativas garantir a escolarización, regular e asegurar a participación dos pais ou tutores nas decisións que afecten a escolarización e os procesos educativos deste alumnado.

Realizar unha clasificación das necesidades educativas especiais é moi complexo debido á amplitude do ámbito que queremos delimitar. Unha posible clasificación sería a que se centra nas causas de esas necesidades e na súa localización:

- Dificultades de aprendizaxe (dislexias, dislalias).
- Dificultades de adaptación social (debidos a inmigración, diferencias sociais, culturais ou a problemas económicos).
- Dificultades debidas a desórdenes de personalidade (algún tipo de trastorno mental tratable como a esquizofrenia).
- Dificultades debidas a una deficiencia física (minusvalías físicas).
- Deficiencias debidas un déficit ou superdotación intelectual.

En canto ó do violín e a súa relación coas necesidades específicas, é evidente que no noso exercicio diario como profesores deberemos adaptarnos ás condicións específicas de cada alumno có fin de dar unha resposta educativa máis adecuada as súas necesidades. Por esta razón, as Unidades Didácticas previstas poderán adaptarse ás situacións concretas segundo o consideremos oportuno. Do mesmo xeito podería ser necesario retomar ou prolongar o traballo dalgún aspecto determinado: O profesor terá a oportunidade de deseñar as súas propias actividades, modificándoas ata a súa correcta asimilación ou ven desenvolver outras novas en función da necesaria adaptación ó alumnado ó que se dirixe en concreto.

Un elemento fundamental na determinación e na orientación das medidas de adaptación reside na acción tutorial. Unha ferramenta fundamental de coñecemento dos alumnos, coa que poderemos obter información determinante sobre os seus problemas, xa sexa a través dos pais ou dos nosos compañeiros de claustro. A solución de moitos dos problemas musicais deben ser abordados en colaboración con outros profesores implicados na súa formación polo que é necesario manter unha comunicación constante cos nosos compañeiros e buscar solucións conxuntamente. De este xeito tamén poden obterse datos relevantes que permitan reorientar a actividade formativa e practica-las adaptacións que sexan necesarias.

Atención ó alumno con rasgos de diversidade .Tipoloxía xenérica

A Programación Didáctica debe recoller medidas didácticas para atender os intereses ou aptitudes dos alumnos. Estas medidas poderanse adaptar unha vez coñecidos os alumnos

ó comezo do curso. Podemos establecer unha tipoloxía xenérica do alumnado, atendendo a tres criterios específicos:

1º. Según a súa diferenza de nivel musical:

a) Alumno avanzado: o alumno dotado dunhas capacidades por encima do previsto para o seu nivel, capaz de atopar solucións técnicas para os seus problemas có instrumento, e de progresar técnica e musicalmente a gran velocidade e que é capaz de emprender tarefas máis difíciles do común para a súa idade sen facer un gran esforzo. Neste grupo podemos atopar alumnos de alta capacidade intelectual ou superdotados, para os que se podería flexibilizar a duración das etapas da súa formación ou que poderían requirir atención diferenciada por parte das administracións educativas por medio de programas específicos.

b) Alumno intermedio: aquel que asimila con corrección os contidos programados para o seu nivel e que supera os novos obstáculos na súa aprendizaxe real facendo o esforzo considerado normal. Este é o tipo de alumno có que nos atoparemos no conservatorio habitualmente.

c) Alumno que presenta dificultade e nivel baixo: aquel que disocia os contidos técnicos e creativos, e que asimila os contidos a un ritmo menor do previsto. Neste grupo podemos atopar alumnos con dificultades de aprendizaxe, ou que por distintas razóns se incorporaron tardiamente ó sistema educativo, debido á emigración ou problemas sociais. Tamén podemos atopar alumnos con dificultades có idioma. Tódos eles poden necesitar programas específicos de axuda ou clases de reforzo, e en algúns casos atención de profesionáís especializados.

2º. En función da súa diferente actitude e interese hacia os estudos e formación musical:

a) Alumno motivado: presenta unha actitude positiva cara ó aprendizaxe, non precisando dunha motivación especial para conseguir un ritmo adecuado de traballo na clase e na casa. Son alumnos que rematan o grao elemental e acostuman a superar con éxito o acceso ó grao profesional. A súa paixón pola música e polo instrumento sérvelles dabondo para manter vivos o seu interese e a súa capacidade de superación.

b) Alumno con interese e actitude baixa: considera a súa asistencia ás clases como una actividade máis de tipo extraescolar. No caso de atoparse con este tipo de alumnos, que non adoitan ser infrecuentes, o profesor deberá esforzarse en cambiar a súa actitude tanto do alumno como da familia, e facerlles entender a importancia da educación musical na formación integral das persoas e facerlles ver que ó decidir aprender a tocar un instrumento adquiren un certo compromiso que deben intentar cumprir. Na maioría das ocasións esta actitude débese a unha gran falta de información e descoñecemento por parte das familias froito da pobre herdanza musical do noso país.

3º. Segundo a súa necesidade de adaptación debido ás súas condicións físicas:

a) Alumnado medio: non presenta ningunha disfunción de tipo físico-psíquico.

b) Alumnado que pode presentar particularidades ou disfuncións físicas: entre os que podemos atopar alumnos con unha deficiencia física (sordeira, visión escasa ou nula, problemas de accesibilidade ó aula ou ó centro debido a algún tipo de minusvalía, etc.). Con este tipo de alumnos no só debemos ter un tacto especial e ser todo o flexibles que sexa necesario, senon que teremos que adapta-lo material empregado e quizáis atopar axuda e información a través de profesionáis especializados. Tamén deberemos intentar que non se sintan diferentes ante os seus compañeiros que adoitan comportarse con un gran respecto cando son debidamente informados.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

A maioría das dificultades máis habituais coas que os profesores de violín se atopan teñen moito que ver con cuestións especificamente relacionadas có aprendizaxe do instrumento e con asignaturas afines. Para evitar males maiores no futuro é moi importante facer un diagnóstico precoz e deste xeito buscar canto antes as solucións. Algunhas das dificultades máis habituais coas que o profesor de violín pode atoparse e que necesitarán atención específica son:

a) Incapacidade para distinguir auditivamente os fenómenos sonoros: Este problema non debería en absoluto estar presente en alumnos que pretenden tocar un instrumento como o violín, pero non é infrecuente. Na maioría dos casos non se debe a un "irremediable mal oído", senón á falta dun bo entreno auditivo dende unha idade temperá. Para a súa solución necesitaremos a colaboración dos profesores de linguaxe musical para que reforcen este punto débil e debemos pedir ó alumno que se afaga a cantar todo canto poida. Tamén deberemos proporcionarlle axuda para traballar na casa (existen moitos CD publicados que poden mellorar o entreno auditivo do alumno).

b) Problemas físicos derivados dunha colocación incorrecta do instrumento ou enfermidades ocasionadas por problemas relacionados coa práctica do instrumento (tendinitis, tensións posturais, etc.): Este tipo de problemas deben ser tomados moi en serio. En gran parte dos casos débense a unha mala práctica, non ó exceso dela. É importante observar con detenimento ó alumno e recomendarlle un xeito adecuado de practicar e en casos extremos recomendar axuda médica. Existen estadísticas fiables que afirman que cerca dun 70% dos músicos profesionáis de orquestra sofren dalgún tipo de enfermidade relacionada có seu traballo e na maioría dos casos isto débese a malos hábitos adquiridos no seu tempo de estudantes.

c) Conceptos mal asimilados que dificultan o avance do alumno: Non é infrecuente atoparse con alumnos que demostran non ter asimilado algúns dos contidos que debían aprender no pasado, sendo estes imprescindibles para seguir progresando. O máis habitual son problemas coa lectura e o ritmo ou cuestións de teoría da música que serán imprescindibles para interpretar as partituras de violín. Tamén podemos atoparnos con alumnos con problemas técnicos graves que lles impiden aprender conceptos máis avanzados. O mellor nestes casos será atallar as dificultades mediante clases de reforzo e con gran paciencia, empregar o "ensino remedial"; incluso é aconsellable durante certo tempo baixar o nivel do repertorio do alumno para non causarlle máis dano, e buscar tamén un traballo equilibrado que non mine a moral do alumno. Durante as sesións

podemos encontrarnos ante a necesidade de manter un ritmo de aprendizaxe homoxéneo entre todos os alumnos dun mesmo curso, de modo que un rendemento desigual dalgún deles cree certas diferencias cos seus compañeiros, que serán máis evidentes nas audicións de alumnos e nas clases colectivas. Non por eso debemos de deixar de prestarlles atención e apoialos para que superen ás súas dificultades. Tampouco debemos deixar que un alumno destacado monopolice o noso interese e nos faga deixar de lado ós que son "máis torpes ou difíciles". Debemos saber atopar fórmulas de adaptación, distribuír as tarefas de forma individualizada para cada alumno e tamén fomentar que os alumnos cooperen entre eles. Existen poucas cousas máis útiles que un alumno axudando a outro compañeiro con dificultades: o que a nós pode levarnos semanas eles poden resolverlo nuns días de colaboración entre amigos.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

Unha actividade pedagóxica moderna non pode quedar reducida ó ámbito da aula, aínda sendo este o espazo central do proceso educativo. Este traballo pode verse complementado por outras tarefas realizadas noutros espazos do propio centro (auditorio, biblioteca, aulas de audiovisuais ou de informática) ou doutras entidades colaboradoras.

Estas actividades están orientadas a superar o marco tradicional das clases de violín, complementándoas con actividades o máis variadas posibles que poñan en contacto ós nosos alumnos coa realidade musical nun senso máis amplo, permitíndolles conectar esta realidade coa sociedade e a cultura do noso tempo.

Para que estas actividades teñan o máximo proveito, deben relacionarse có proceso xeral de aprendizaxe e respostar a unha adecuada planificación.

- Audicións de alumnos de los distintos profesores do departamento: O obxectivo será aprender colectivamente dos erros das virtudes dos alumnos e ó mesmo tempo servirá como exemplo de colaboración entre os profesores do departamento para compartir ideas e aportar solucións conxuntas os problemas que tiveron os alumnos nas súas actuacións. Así mesmo os alumnos escoitarán ós seus compañeiros sendo positivo para eles.

- Reunións informais entre os profesores do seminario de corda, máis alá das habituais para intercambiar ideas pedagóxicas, dúbidas sobre alumnos problemáticos ou intercambio de materiais e deste xeito colaborar en equipo para logra- la solución dos problemas dos alumnos.

- Intercambios con outros conservatorios.

PROBAS DE ACCESO A GRAO ELEMENTAL**PROBA DE ACCESO A 2º CURSO DE GRAO ELEMENTAL DE VIOLÍN:**

Consistirá na interpretación dunha escala en dúas octavas cos seus arpexios, un estudio, e dúas pezas. As obras deberán ser interpretadas co acompañamento de piano cando sexa necesario. Unha das obras deberá interpretarse de memoria. A cualificación do exame farase en función dos contidos e criterios de avaliación reflectidos na programación da materia que se aplica no centro do curso anterior ó que se quere acceder.

Lista de obras orientativas:

- A. Toledo: Sistema de esclavos, arpeggios y dobles cuerdas 1.
- Curci: 50 estudios melódicos, Op. 22.
- Suzuki: Suzuki violin school 1 (violin part).
- Kuchler: Concertino Op. 11.

PROBA DE ACCESO A 3º CURSO DE GRAO ELEMENTAL DE VIOLÍN:

Consistirá na interpretación dunha escala en dúas octavas cos seus arpexios, un estudio, e dúas pezas. As obras deberán ser interpretadas co acompañamento de piano cando sexa necesario. Unha das obras deberá interpretarse de memoria. A cualificación do exame farase en función dos contidos e criterios de avaliación reflectidos na programación da materia que se aplica no centro do curso anterior ó que se quere acceder.

Lista de obras orientativas:

- A. Toledo: Sistema de escalas, arpegios y dobles cuerdas 1.
- Curci: 50 estudios melódicos, Op. 22.
- H. Sitt: Estudios en 1ª posición, Op. 32 nº 1.
- Wohlfahrt: 60 estudios, Op. 45.
- Suzuki violin school, volume 2.
- Rieding: Concerto Op. 35.

PROBA DE ACCESO A 4º CURSO DE GRAO ELEMENTAL DE VIOLÍN:

Consistirá na interpretación dunha escala en dúas octavas con cambios de posicións e cos seus arpexios, un estudio, unha peza e o primeiro movemento dun concerto, concertino ou sonata. As obras deberán ser interpretadas co acompañamento de piano cando sexa necesario. Unha das obras deberá interpretarse de memoria e tamén unha das obras debe ter cambios de posición. A cualificación do exame farase en función dos contidos e criterios de avaliación reflectidos na programación da materia que se aplica no centro do curso anterior ó que se quere acceder.

Lista de obras orientativas:

- A. Toledo: sistema de escalas, arpegios y dobles cuerdas 1.
- Wohlfahrt: 60 estudios Op. 45 (*editorial Peters*).
- Kayser: 36 estudios Op. 20.
- Suzuki violin school, volume 3.
- Seitz: Concerto en Re M nº 5, Op. 22.
- Kùchler: Concertino en Re M, Op. 12.
- Kùchler: Concertino en Re m, Op. 15 (*en estilo de Vivaldi*).
- H. Millies: Concertino en Re M (*en estilo de Mozart*).
- A. Vivaldi: Concierto en sol M.

PROBAS DE ACCESO A GRAO PROFESIONAL**PROBA DE ACCESO A 1º CURSO DE GRAO PROFESIONAL DE VIOLÍN:**

Consistirá na interpretación dun estudio, unha peza e o primeiro movemento dun concerto, concertino ou sonata. As obras deberán ser interpretadas co acompañamento de piano cando sexa necesario. Unha das obras deberá interpretarse de memoria e tamén unha das obras debe ter cambios de posición. A cualificación do exame farase en función dos contidos e criterios de avaliación reflectidos na programación da materia que se aplica no centro do curso anterior ó que se quere acceder.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Tocar cunha correcta técnica, afinación e musicalidade.
- Realizar os cambios de posición coa técnica correcta.
- Utilizar o vibrato como recurso expresivo.
- Saber utilizar os golpes de arco básicos axeitados para cada estudio ou peza a interpretar na proba.
- Interpretar as dinámicas, estilo e matices de cada obra, cunha corrección esixible ó nivel elemental.

Lista de obras orientativas:

- A. Toledo: sistema de escalas, arpegios y dobles cuerdas 1.
- Curci: 50 estudios melódicos, Op. 22.
- H. Sitt: Estudios na 2ª e 3ª posición, Op. 32, nº 2.
- Kayser: 36 estudios Op. 20.
- Wohlfahrt: 60 estudios, Op. 45, (*editorial Peters*), (a partir do 32).
- Suzuki: Suzuki violin school 4 (violin part).
- Corelli: Sonatas nº 7, 8 e 9; Op. 5.
- Scarlatti: Sonatas.
- Haendel: Sonata en Fa M e La M.
- Vivaldi: Concertos e sonatas.
- Fiocco: Allegro (*aunque non é un concerto se admitirá como tal*).
- Kùchler: Concertino Op. 15.
- Seitz: Concerto nº 2.
- Telemann: Concerto en Sol M.

PROBA DE ACCESO A 2º CURSO DE GRAO PROFESIONAL DE VIOLÍN:

Consistirá na interpretación dunha escala en tres oitavas e cos seus arpexios, e tres pezas (Un concerto ou sonata, unha obra e un estudio). As obras deberán ser interpretadas co acompañamento de piano cando sexa necesario. Unha das obras deberá interpretarse de memoria. A cualificación do exame farase en función dos contidos e criterios de avaliación reflectidos na programación da materia que se aplica no centro do curso anterior ó que se quere acceder.

Lista de obras orientativas:

- A. Toledo: Sistema de escalas, arpegios y dobles cuerdas 2.
- C. Flesch: Sistema de escalas.
- Kayser: Estudios Op. 20.
- Wohlfahrt: 60 estudios, Op. 45 (*editorial Peters*), (a partir do 36).
- Mazas: Estudios especiales, Op. 36.
- Dont: 24 estudios, Op. 37.
- Kreutzer: 42 estudios.
- Suzuki: Suzuki violin school, volume 5, 6 e 7 (violin part).
- Corelli: Sonatas, Op. 5.
- Vivaldi: Concertos en La m, La M e Sol m.
- Haydn: Sonatas para violín e piano nº 4 e 5.
- Sonatas de Vivaldi, Telemann e Haendel.
- Concertos e/ou concertinos de Seitz, Accölay, Rieding, etc.
- Albinoni: Concerto nº 4, Op. 5.
- Bach: Concerto en Re m.
- Portnoff: Concerto Op. 14.

PROBA DE ACCESO A 3º CURSO DE GRAO PROFESIONAL DE VIOLÍN:

Consistirá na interpretación dunha escala en tres oitavas e cos seus arpexios, e tres pezas (Un concerto ou sonata, unha obra e un estudio). As obras deberán ser interpretadas co acompañamento de piano cando sexa necesario. Unha das obras deberá interpretarse de memoria. A cualificación do exame farase en función dos contidos e criterios de avaliación reflectidos na programación da materia que se aplica no centro do curso anterior ó que se quere acceder.

Lista de obras orientativas:

- A. Toledo: Sistema de escalas, arpegios y dobles cuerdas 2.
- C. Flesch: Sistema de escalas.
- Kayser: Estudios Op. 20 (do 13 ó 36).
- Wohlfahrt: 60 estudios Op. 45 (*editorial Peters*), (53, 55, 56, 59 e 60).
- Fiorillo: 36 estudios.
- Mazas: Estudios especiais e brillantes, Op. 36.
- Dont: 24 estudios, Op. 37.
- Kreutzer: 42 estudios.
- Suzuki: Suzuki violin school, volume 5, 6 e 7 (violin part).
- Haydn: Sonatas para violín e piano.
- Telemann: 12 fantasías para violín só.
- Corelli: Sonatas, Op. 5.
- Sonatas de Vivaldi, Telemann, haendel, Tartini, Leclair, etc.
- Concertos de Vivaldi, Tartini, Bach, etc.
- Concertos e/ou concertinos de Accölay, rieding, sitt, viotti, Rode, Kreutzer, etc.
- Toldrá: 6 sonetos.

PROBA DE ACCESO A 4º CURSO DE GRAO PROFESIONAL DE VIOLÍN:

Consistirá na interpretación dunha escala en tres oitavas e cos seus arpexios, e tres pezas (Un concerto ou sonata, unha obra e un estudio). As obras deberán ser interpretadas co acompañamento de piano cando sexa necesario. Unha das obras deberá interpretarse de memoria. A cualificación do exame farase en función dos contidos e criterios de avaliación reflectidos na programación da materia que se aplica no centro do curso anterior ó que se quere acceder.

Lista de obras orientativas:

- A. Toledo: Sistema de escalas, arpegios y dobles cuerdas 2.
- C. Flesch: Sistema de escalas.
- Mazas: Estudios brillantes, op. 36.
- Fiorillo: 36 estudios.
- Kreutzer: 42 estudios.
- Rode: 24 caprichos.
- Kayser: Estudios Op. 20.
- J. S. Bach: Concerto en Mi M.
- J. S. Bach: Sonatas (BW 1014 – 1019).
- Vivaldi: Concertos.
- Corelli: Sonatas, Op. 5.
- Haendel: Sonatas para violín.
- Telemann: 12 fantasías para violín só.
- Tartini: Sonata “Didona Abandonata”.
- Viotti: Concerto nº 23 en sol M.
- Mozart: Concerto nº 2, K.211.
- Schubert: Sonatinas Op. 137.
- Haydn: Sonatas.
- Haydn: Concerto en Sol M.
- Kreisler: Liebeslied.
- Wieniawski: Dúas Mazurkas, Op. 19.
- Sarasate: Playera.
- Toldrá: 6 sonetos.
- Falla: A vida breve.

PROBA DE ACCESO A 5º CURSO DE GRAO PROFESIONAL DE VIOLÍN:

Consistirá na interpretación dunha escala en tres oitavas e cos seus arpexios, e tres pezas (primeiro movemento dun concerto ou sonata, unha obra e un estudio). As obras deberán ser interpretadas co acompañamento de piano cando sexa necesario. Unha das obras deberá interpretarse de memoria. A cualificación do exame farase en función dos contidos e criterios de avaliación reflectidos na programación da materia que se aplica no centro do curso anterior ó que se quere acceder.

Lista de obras orientativas:

- A. Toledo: Sistema de escalas, arpegios y dobles cuerdas 2.
- C. Flesch: Sistema de escalas.
- Mazas: Estudios brillantes Op. 36.
- Fiorillo: 36 estudios.
- Kreutzer: 42 estudios.
- Rode: 24 caprichos.
- Dont: Estudios Op. 37.
- Telemann: 12 fantasías para violín só.
- J. S. Bach: Concertos.
- Vivaldi: Verano.
- Haydn: Sonatas para violín e piano.
- Mozart: Sonatas para violín e piano.
- Mozart: Adagio en Mi.
- Schubert: Sonatinas Op. 137.
- Accölay: Concertinos.
- Beethoven: Romanzas.
- Veracini: Sonata nº 6, Op. 2.
- De Beriot: Pezas.
- Kreisler: Siciliana e Rigardón, melodía, etc.
- Elgar: Salud de amor.
- Toldrá: 6 sonetos.
- Granados: Romanza.
- Haydn: Concerto en Do M e concerto en Sol M.
- Concertos románticos: Viotti, Rode, Kreutzer, Sphor, De Beriot, etc.

PROBA DE ACCESO A 6º CURSO DE GRAO PROFESIONAL DE VIOLÍN:

Consistirá na interpretación dunha escala en tres oitavas e cos seus arpexios, e tres pezas (primeiro movemento dun concerto ou sonata, unha obra e un estudio). As obras deberán ser interpretadas co acompañamento de piano cando sexa necesario. Unha das obras deberá interpretarse de memoria. A cualificación do exame farase en función dos contidos e criterios de avaliación reflectidos na programación da materia que se aplica no centro do curso anterior ó que se quere acceder.

Lista de obras orientativas:

- A. Toledo: Sistema de escalas, arpegios y dobles cuerdas 2.
- C. Flesch: Sistema de escalas.
- Dont: 24 estudios, Op. 35.
- Kreutzer: 42 estudios.
- Rode: 24 caprichos.
- Gavinies: 24 estudios matinées.
- Fiorillo: 36 estudios.
- Mazas: Estudios brillantes, Op. 36.
- Telemann: 12 fantasías para violín só.
- J. S. Bach: Sonatas e partitas para violín só.
- Tartini: Sonata "El trino del diablo".
- Mozart: Sonatas para violín y piano.
- Beethoven: Sonatas para violín y piano.
- Beethoven: Romanzas.
- Schubert: Sonatinas Op. 137.
- Sarasate: Malagueña, Romanza andaluza, etc.
- Kreisler: Shon- Rosmarin, prelude et allegro, Tango de Albéniz, etc.
- Wieniawski: Leyenda.
- De Beriot: Escenas de Ballet.
- Falla: Canciones populares Españolas.
- Viotti: Concerto en La m, nº 22.
- Haydn: Concertos.
- Mozart: Concertos (Do 1 ó 3).
- Rode: Concertos nº 6, 7 e 9.
- Kabalevski: Concerto en do, op. 48.
- Kreutzer: Concerto en Re nº 13.
- Vitali: Chacona.
- Vivaldi: El otoño y el invierno.

SISTEMA ALTERNATIVO DE AVALIACIÓN:

O sistema alternativo de avaliación está pensado para os alumnos que perdan o dereito á avaliación continua. O sistema alternativo consistirá na realización de probas que permitan controlar a evolución do alumno conforme aos obxectivos e contidos da programación.

Contemplantase dous tipos de probas:

TRIMESTRAL: será aplicado cando un alumno perda o dereito á avaliación continua do trimestre.

FIN DE CURSO: será aplicado cando un alumno perda o dereito á avaliación continua do curso.

Grao Elemental:

Nesta proba o alumno deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso en cuestión, sendo a comisión a encargada de designar os contidos así como das pezas a interpretar no exame. Na devandita proba, o tempo de interpretación non será inferior a 15 minutos nin superior a 30 minutos de música para os alumnos de grao elemental.

Grao Profesional:

Nesta proba o alumno deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso en cuestión, sendo a comisión a encargada de designar os contidos así como das pezas a interpretar no exame. Na devandita proba, o tempo de interpretación non será inferior a 30 minutos nin superior a 45 minutos de música para os alumnos de grao profesional.

*En calquera caso, sempre corresponde ao profesor titor decidir se é necesario ou non aplicar este sistema de avaliación alternativo conforme aos contidos e obxectivos da programación, e poder aplicar os criterios de avaliación.

*Todas as probas serán realizadas ante una comisión composta por dous ou tres profesores do departamento.

UNHA SESIÓN SEMANAL					
FALTAS XUSTIFICADAS			FALTAS SEN XUSTIFICAR		
	Por trimestre	Total curso		Por trimestre	Total curso
Materias de 1 sesión semanal	3	9	Materias de 1 sesión semanal	2	6
DUAS SESIÓNS SEMANALES					
FALTAS XUSTIFICADAS			FALTAS SEN XUSTIFICAR		
	Por trimestre	Total curso		Por trimestre	Total curso
Materias de 2 sesións semanais	4	12	Materias de 2 sesións semanais	3	9